



ORGANIZA



VIII EDICIÓN PREMIOS MARÍA LUZ MORALES

DE ENSAIO SOBRE O AUDIOVISUAL

VIDEOENSAIO / AUDIOVISUAL GALEGO | ENSAIO ESCRITO / AUDIOVISUAL GALEGO | VIDEOENSAIO / AUDIOVISUAL INTERNACIONAL | ENSAIO ESCRITO / AUDIOVISUAL INTERNACIONAL



MARÍA LUZ MORALES GODOY

A Coruña, 1889 / Barcelona, 1980

Escritora e xornalista, especializada na crítica de cine e de teatro, dirixiu o xornal La Vanguardia durante a Guerra Civil, sendo a primeira muller na historia de España en ser directora dun diario nacional. Foi activista feminista, republicana e galeguista represaliada polo franquismo, e autora dunha extensa obra literaria. Considerada unha referencia da incorporación da muller a actividade xornalística e intelectual na España do século XX.

PATROCINA



BASES VIII PREMIOS MARÍA LUZ MORALES DE ENSAIO SOBRE O AUDIOVISUAL

1.1 | PREÁMBULO

Nos estatutos da Academia Galega do Audiovisual recóllese a necesidade de promover e difundir a investigación científica en materia audiovisual. Por iso puxemos en marcha os Premios María Luz Morales de ensaio e videoensaio sobre o audiovisual, co patrocinio da Deputación da Coruña, a Deputación de Lugo, a Deputación de Ourense e a Deputación de Pontevedra, con arreglo ás seguintes bases:

1.2 | OBXECTIVOS

O obxectivo dos Premios María Luz Morales é o fomento da investigación no eido audiovisual desde unha perspectiva tanto galega como universal. Co nome de María Luz Morales, quérese recoñecer o labor desta galega pioneira na crítica cinematográfica española e figura destacada na defensa do galeguismo e dos dereitos da muller.

Premiaranse obras de investigación en formato de texto (ensaio escrito) e en formato audiovisual (videoensaios). Con estes premios quere fomentarse a creatividade e a independencia investigadora. A realización dos traballos non está suxeita a ningún tipo de prescrición e pode incorporar toda clase de metodoloxía (historiográfica, formalista, semiótica, entrevistas, monografías comparativas, etc) e temática (artística, económica, ideolóxica, comunicativa).

1.3 | CATEGORÍAS

Os ensaios presentados ao certame poderán ser de dúas modalidades: ensaio escrito e videoensaio, e cada modalidade terá dúas categorías: unha que abranca calquera aspecto do audiovisual do ámbito internacional e outra no que se recollan ensaios que versen ou se relacionen especificamente co audiovisual galego.

Concederáse un único premio para cada categoría, dentro de cada modalidade:

- Ensaio escrito sobre audiovisual galego.
- Ensaio escrito sobre audiovisual internacional.
- Videoensaio sobre audiovisual galego.
- Videoensaio sobre audiovisual internacional.

1.4 | PARTICIPANTES

O concurso está aberto á participación de calquera persoa maior de idade. Cada participante poderá enviar todos os traballos que considere oportuno. Poderán participar traballos asinados de maneira individual ou colectiva.

1.5 | PRESENTACIÓN DE OBRAS

Cada autor/a pode enviar todos os traballos que considere oportuno antes das 23:59h do día 8 de setembro de 2024. Non se aceptarán os traballos recibidos despois desa data.

1.5.1.1 A) ENSAIOS ESCRITOS

Os ensaios deberán estar escritos en galego e seren orixinais e inéditos. A extensión máxima das obras situarase nos 300.000 caracteres, espazos incluídos, incluíndo tamén o título do ensaio e as notas a pé de páxina. Deberán estar escritos en Times New Roman, cun tamaño de 12 e cun interliñado de 1'5 liñas. As notas a pé de páxina deberán respectar o sistema europeo.

Os traballos presentaranse por correo electrónico no enderezo inscricions@academiagalegadoaudiovisual.gal.

No asunto do correo electrónico figurará PMLM24 seguido do título do traballo e achegaranse dous documentos de texto en formato .doc, .docx ou .odt:

-Unha ficha denominada PMLM24 seguido do nome da/s persoa/s autora/s na que figuren os seguintes datos: Título, nome e apelidos, categoría, data de nacemento, DNI, enderezo físico, enderezo electrónico, teléfono, lugar onde estuda e/ou traballa. Ademais, achegarase un pequeno resumo do tema sobre o que versa o traballo, cunha extensión máxima de 1.000 caracteres.

-O ensaio escrito denominado PMLM24 seguido do título do traballo. Co obxecto de preservar o anonimato das persoas participantes diante do xurado, en ningún lugar dos traballos poderá figurar o nome, alias ou calquera outro elemento que poda revelar, directa ou indirectamente, a autoría dos traballos. O incumplimento deste punto implicaría a súa descalificación.

1.5.1.2 B) VIDEOENSAIOS

Os videoensaios terán que ser orixinais e inéditos, e estaren en lingua galega. Admitiranse vídeos cunha duración máxima de 15 minutos, compostos de imaxes e sons orixinais ou dos que a persoa autora do vídeo teña os dereitos. Tamén poderá acollerse ao dereito de cita á hora de usar imaxes de terceiros. En calquera caso, a persoa autora do videoensaio responsabilízase do correcto uso legal dos materiais que empregue no seu vídeo.

Os vídeos enviaranse en formato mp4 (codec h.264 bitrate 20 e 35 mbps) ou webm, a través de plataformas como Wetransfer, Dropbox, Vimeo ou similar. Co obxecto de preservar o anonimato das persoas participantes diante do xurado, en ningún lugar poderá figurar o nome, alias ou calquera outro elemento que poda revelar, directa ou indirectamente, a autoría dos traballos. O incumplimento deste punto implicaría a súa descalificación.

Os traballos presentaranse por correo electrónico no enderezo inscricions@academiagalegadoaudiovisual.gal. No asunto do correo electrónico figurará PMLM24 seguido do título do traballo e achegaranse dous documentos de texto en formato .doc, .docx ou .odt:

-Unha ficha denominada PMLM24 seguido do nome da/s persoa/s autora/s na que figuren os seguintes datos: Título, nome e apelidos, categoría, data de nacemento, DNI, enderezo físico, enderezo electrónico, teléfono, lugar onde estuda e/ou traballa. Ademais, achegarse un pequeno resumo do tema sobre o que versa o traballo, cunha extensión máxima de 1.000 caracteres.

-Un documento no que se citen e referencien correctamente todos os materiais audiovisuais utilizados.

1.6 | PRAZOS

O prazo de presentación de traballos estará aberto desde o 8 de abril de 2024 ata ás 23:59h do día 8 de setembro de 2024.

O fallo do xurado darase a coñecer no mes de outubro de 2024.

1.7 | XURADO

O xurado será elixido pola xunta directiva da Academia Galega do Audiovisual e estará composto por persoas de recoñecido prestixio do sector audiovisual, do ámbito historiográfico ou da crítica audiovisual.

En canto aos criterios de valoración, contemplarase a singularidade do enfoque, a orixinalidade do desenvolvemento, a fiabilidade da documentación e a coherencia das conclusións. O xurado valorará especialmente a irrupción de puntos de vista anovadores sobre a temática que se aborde. Por iso, ademais do rigor científico, tamén se terá en conta o desenfado e risco na concepción, nas valoracións e nas conclusións dos textos escritos ou audiovisuais.

1.8 | PREMIOS

Haberá un único premio para cada categoría de 1.200 euros máis un trofeo.

O xurado resérvase o dereito de deixar calquera categoría deserta, así como o de conceder accésits sen dotación económica a obras que se consideren dignas de mención. A decisión do xurado será inapelable.

A contía dos premios está suxeita á retención de impostos correspondentes. A xunta directiva da Academia Galega do Audiovisual resérvase o dereito de reasignar a dotación económica dos premios no caso de que algunha das categorías quedase deserta.

1.9 | PUBLICACIÓN

Os ensaios recoñecidos como gañadores e accésits publicaranse na web da Academia Galega do Audiovisual, tanto en texto como en vídeo. As persoas autoras

estarán autorizadas a publicalos noutros medios despois da súa publicación por parte da Academia.

1.10 | PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 RXPDP informámoste que o responsable do tratamento dos teus datos é a Asociación Academia Galega do Audiovisual, que os teus datos se usarán coa única finalidade de xestionar a participación no premio María Luz Morales, salvo que resultes a persoa gañadora; nese caso trataranse con fins contables fiscais e de promoción. Podemos tratar os teus datos porque nos das o teu consentimento e os teus datos non serán comunicados a terceiros agás obriga legal.

Dereitos: Poderás exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos teus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento ao retirar o consentimento prestado e a reclamar ante a Autoridade de Control, tal como se indica na información adicional.

Información adicional: Toda a información facilitada poderás atopala ampliada na información adicional que está a túa disposición na URL www.academiagalegadoaudiovisual.gal.

A participación nos Premios María Luz Morales conleva a aceptación das presentes bases.

Xunta Directiva da Academia Galega do Audiovisual
Na Coruña, a 24 de xaneiro de 2024.

Centro Ágora, Lugar da Gramela, 17, 15010 A Coruña
info@academiagalegadoaudiovisual.gal

